

## 8 de Maio DÍA DO COMERCIO XUSTO

### PROGRAMA DE ACTIVIDADES

#### **PONTEVEDRA**

**Martes día 4.- Mesa Redonda sobre o impacto negativo das grandes superficies** ás 20,00 horas, na Galeria Sargadelos. Intervirán: **Lidia Senra**, dirixente do **SLG**, **Ramon Rodriguez**, da cooperativa de consumo de Pontevedra **A Gradicela**, e **Adrian Serantes**, responsable técnico de **Amarante** en Pontevedra.

**Xoves día 6 de maio ás 20,00 horas**, na Galeria Sargadelos, a Directora de AMARANTE Setem e responsable da CRL-Galicia, **Fernanda Couñago**, presentará a **Iniciativa Salarios Dignos en Asia\***. Presenta **Eva Blanco**, coordinadora de Amarante en Pontevedra.

**Sábado 8 de Maio**, Lugar: PRAZA 8 de MARZO (esquina rúa Peregrina ).Horario: De 11:00-14:00

#### Actividades:

- **MERCADO TRANSPARENTE** con produtoras locais e produtos de Comercio Xusto, onde se denunciará a marxe de prezo abusiva coa que quedan os distribuidores comerciais.
- **MERCADIÑO DE TROCO** con intercambio de produtos de segunda man de Roupa, Xoguetes,etc
- **DEGUSTACIÓN**s de produtos de Comercio Xusto
- **ACTUACIÓN GRUPO MUSICA TRADICIONAL OS CHICHISOS**
- **ACTIVIDADE TEATRAL**

#### **OURENSE. Sábado 8 de Maio,**

Lugar: R/Saénz Díez.- No entrono do Centro Comercial Ponte Vella.Horario.- De 12 a 14

Realizarase un **MERCADO TRANSPARENTE DE ROUPA** no que se mostrarán as condicións laborais que sufren as traballadoras do sector têxtil

#### **COMPOSTELA. Sábado 8 de Maio,**

Lugar: Porta do Camiño, Praza 8 de Marzo (Rúa de San Pedro, no marco da Feira da Primavera).  
Hora: de 11 ata as 15hs

#### Actividades:

- **MERCADO TRANSPARENTE** a cargo de labregas e labregos da comarca (SLG)
- **EXPOSICIÓN E DEGUSTACIÓN** de produtos de Comercio Xusto (Amarante)

⇒ **PASARELA-REIVINDICATIVA “À MODA QUE INCOMODA” ás 13:00hs** celebrarase a na que se conta coa colaboración da poetisa e conta contos Iolanda Aldrei.

#### **VIGO. Sábado 8 de Maio.**

Lugar.- Mediana de Gran Vía á Altura da Rúa Venezuela. Hora.- De 11 a 14

#### Actividades:

- **MERCADO TRANSPARENTE DE ALIMENTACIÓN** coa colaboración de produtoras que vendes directamente á Cooperativa de Consumo Consciente Árbore
- **MERCADO TRANSPARENTE DE ROUPA** no que se mostrarán as inxustizas da deslocalización do sector têxtil e poderemos achegarnos á roupa de comercio xusto
- **TEATRALIZACIÓN** a través da **DANZA** da cadea de produción de roupa a as súas consecuencias nas condicións laborais.